CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 26 DE FEBREIRO DE 2026

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas do día vinte e seis de febreiro de dous mil vinte e seis, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.ª MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.ª MARÍA CARMEN PAN MATOS
D.ª MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES
D.ª MÓNICA VARELA GERMADE

Polo grupo municipal do PP:

D.ª PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.ª MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.ª PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.ª ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.ª MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D.ª NIEVES LOURO LÓPEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.ª MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora interina, D.ª Laura García Santiago (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa nesta acta), e dá fe do acto a secretaria xeral, D.ª Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de febreiro de 2026, que,

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico http://plenos.cambre.es (ID: Video_202602261000350000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que no punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

UNICO. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

***Acceso á videoacta* – 00:00:37 horas**

A Sra. presidenta intervén e manifesta que existen tres propostas de recoñecemento extraxudicial de créditos para ser tratadas fóra da orde do día.

Interveñen o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, e a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta.

Seguidamente a Sra. alcaldesa concede o uso da palabra ao voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, quen di que cre que a urxencia está máis que motivada, que as empresas necesitan cobrar polos servizos ou subministracións que prestaron; que en especial hai certos casos, como é o tema de seguros ou o tema de talleres que necesitan ser abordados sen intentar atrasar máis semanas ou máis meses o pago desas facturas e que por iso se traen así a pleno.

De seguido, interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes e a Sra. alcaldesa.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia das tres propostas de recoñecemento extraxudicial de créditos, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Quince (15), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a urxencia.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

***Acceso á videoacta* – 00:20:56 horas**

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

2.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

***Acceso á videoacta* – 00:21:13 horas**

A Sra. alcaldesa intervén e manifesta que teñen tres mocións de UxC, que UxC quere cambiar unha delas, a da Vía Ártabra, pola que presentou sobre o parque Francisco Rodríguez. Di que quere aclarar que esa non é unha moción, que é un rogo, e tamén dicir que esta semana houbo mesa de contratación sobre este tema, polo que cre que non é viable.

Concedido o uso da palabra á voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, manifesta que ela vai defender, cando lle toque esa moción que é unha moción, non un rogo, e que a Sra. alcaldesa é a presidenta e diralle se é un rogo, porque di que ela ten argumentos para demostrar que é unha moción; que, entón, cando lle chegue o momento, se llo deixa explicar, explicarao.

***Acceso á videoacta* – 00:22:18 horas**

A) A Sra. Presidenta dá conta da moción do grupo municipal de UxC relativa ao Campo da Feira e explica que presenta unha serie de defectos, que o punto 1 non é competencia municipal, o punto 3, 4 e 5 son rogos, que o único que sería viable sería o punto 2, e concede o uso da palabra ao concelleiro de UxC, Sr. González Leirós, quen modifica a redacción dos puntos relativos aos acordos co fin de que sexa tratada como moción, quedando redactados do seguinte teor:

«1.- Poñer en valor a importancia do Campo da Feira.

2.- Consideramos imprescindible desistir de seguir coa mutilación das árbores.

3.- No caso de xustificación da urxencia, obteríanse previamente os informes que concretaran a necesidade da tala do arboredo en cuestión, sempre baixo as consideracións previstas nas Normas subsidiarias de *"Excelente arboredo a conservar e completar cun proyecto"*

4.- Propondríamos a apertura dun período de consulta pública á veciñanza sobre a conservación e transformación do Campo da Feira tendo en conta a súa importancia patrimonial tanto cultural como medioambiental e paisaxística.»

A continuación a Sra. presidenta solicítalle ao Sr. González Leiros que xustifique a urxencia da moción, e o concelleiro explica que a urxencia vén dada porque están, ao seu entender, mutilando o Campo da Feira e parécelles un tema importante. Di que este tema xa o expuxo o BNG aquí tamén mediante un rogo, se non lembra mal, e que lles parece que ten a importancia para unha declaración de urxencia nese sentido.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A Sra. Presidencia concede o uso da palabra ao concelleiro de UxC, Sr. González Leirós, quen dá lectura a moción relativa ao Campo da Feira, rexistrada de entrada ao núm. 202599900001052 o día 22 de febreiro de 2026, que, modificada no curso da presente sesión polo propoñente no que aos acordos se refire, di:

«<u>Exposición de motivos</u>

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

UxC presentou una Moción, no pleno ordinario de decembro de 2025, ante a Tala ou/e Poda de alta intensidade que se estaba producindo sobre o arbolado do Campo da Feira e Campo dos Cochos. Moción que foi rexeitada ao entendela un rogo.

Reproducimos aquí o contido da Moción presentada:

"O Goberno do Concello de Cambre solicitou ante o Concello Territorial de Patrimonio a tala de 27 platanos no ámbito do Campo da Feira e cochos, por un presunto mal estado e ameaza a seguridad pública.

A solicitude basease en dous informes da empresa "Légamo Infraestructuras Urbanas, S.L, un xeral, *(Informe de evaluación de riesgo de arbolado público en zonas bajo mantenimiento de Légamo en Cambre)* e outro complementario de 28 de outubre do 2025" que identifica os 27 árbores que se pretenden talar no Campo da Feira e na coñecida como Feira dos Cochos".

A solicitude consegue autorización do Concello Territorial de Patrimonio de patrimonio na sesión do 27 de novembro do 2025.

UXC enterase desta autorización pola prensa do dia 2 de Decembro do 2025, e por comentarios feitos en redes sobre o contido dun voto particular feito por un membro do Consello Territorial.

O anuncio na prensa, deixa moitas dubidas de como se pretende continuar o proceso da tala una vez obtida a autorización de Patrimonio.

Por outra banda o voto particular plantexa, a necesidade de redactar un documento (proxecto) que profundice e amplie os informes de Legamo,(informes non avalados por técnicos Minicipais), e que se abra un periodo de exposición publica, ou perido de suxerencias para a participación ciudadana nun asunto de Interés Xeral.

Estes feitos producen inquedanza sobre como se vai desenrolar este proceso e sobre todo de cal vai ser o resultado.

É por iso polo que traemos este asunto a consideración do pleno:

E imprescindible lembrar a transcendencia cultural da Feira de Cambre, e polo tanto do seu recinto, e por iso entendemos necesario deixar algún apunte:

"O Campo da Feira" está vinculado, como o seu propio nome indica, á celebración da "Feira de Cambre" da que se descoñece cando se iniciou. Ten a súa referencia escrita no ano 1752, segundo consta no *"Catastro do Marqués da Ensenada"* e celebrábase o terceiro domingo de cada mes. Suponse que é sobre o 1853 (durante o reinado de Isabel II), debido a modificacións na lexislación da época, a Feira de Cambre pasou a facerse dous días ao mes: O día 2 e o terceiro domingo de cada mes. Así ata hoxe.

A época de esplendor da Feira de Cambre (como en toda Galicia) produciuse durante o século XIX e boa parte do século XX, ata os anos 60-70 no que as condicións socioeconómicas do país galego estiveron a cambiar de xeito radical.

Como mostra da importancia que a Feira de Cambre tivo trasladamos o seguinte comentario:

1.- (F. Tettamancy y Gastón, "Historia Comercial de La Coruña", 1994, páx. 495) *"No ano 1900 o Concello da Coruña decidiu celebrar feira todos os domingos de mes. Sen embargo, pouco despois decidiuse que o terceiro domingo de mes non se celebraría a devandita feira" 'por haber la de Cambre'".*

A principio do século XX a Feira era un soto de castiñeiros centenarios que posteriormente foron substituídos polos actuais plátanos.

En canto a cualificación deste espazo nas NNSS na ficha de catalogo dise o seguinte:

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Observaciones: Escenario de la antigua Feria de Cambre, de gran importancia para la zona, conserva un gran valor como centro cívico de todo el ayuntamiento valorizado por la presencia de la iglesia, casa consistorial, etc.
Excelente arbolado a conservar y completar con un proyecto adecuado.

En canto ao documento do PXOM, aprobado inicialmente, colócanos este espazo en: No catalogo de Bens Culturais, Naturais e paisaxísticos, coa cualificación de **elemento Natural e paisaxístico. Nivel de protección ambiental.**

A tala anunciada debe obter neste caso, como mínimo unha autorización do órgano de goberno, que corresponda, previo expediente, onde consten o proxecto a que se refiren as NNSS, en vigor, e os informes técnicos e xurídicos, sobre a necesidade da poda ou tala e a adaptación do documento ao plan vixente.

En principio, á espera dos informes de concreción non se dubida da necesidade da tala total ou parcial, pero si da súa urxencia. E esta é a que hai que verificar e xustificar. Nunha actuación sobre un ben de interese cultural e medio ambiental.

A Intervención sobre as 27 árbores no Campo da Feira e Cochos, necesita dun proxecto, estudo ou análise previo e de informes dos técnicos municipais, mais alá dos dous informes xenéricos da empresa Legamo. Informes quer non se deron. Necesítase saber o estado concreto de cada árbore para definir o grao da tala, se é necesario talalo agora ou pode esperar un tempo. Cal será a calidade (tamaño, grosor, factor de crecemento) da peza a replantar e unha relación entre a tala, a reposición e a contorna en que se produce, de forma que se poida comprobar que se cumpren os obxectivos.

O obxectivo non é outro que talar e replantar ordenadamente segundo un Plan para que estes espazos non perdan o seu estatus de elementos de catálogo, protección ambiental, ou devandito doutra forma **"que non quede pelado"** cunha Intervención agresiva sobre os 27 exemplares.

Neste mesmo pleno, de decembro, o BNG levou, tamén, un rogo sobre este mesmo asunto onde mostraba a súa preocupación e propoñía que era de interese valorar e estudar as especies a replantar, facendo fincapé na necesidade de: "elaboración dun proxecto que combine a sensibilidade coa seguridade ....". Este rogo foi aceptado polo equipo de Goberno.

Polo exposto parécenos incomprensible, aínda que non nos sorprenda, que o día 19 e 20 deste mes de febreiro e seguirá coa mutilación de parte do arboredo, facendo caso omiso da moción e ao rogo aceptado, sen achega dos informes necesarios, nin técnicos, da necesidade e urxencia, nin urbanísticos, da adecuación da tala ás condicións urbanísticas, e sen atender ao rogo aceptado.

Por outra banda, cómpre resaltar que a operación de mutilación dáse no tempo de colocación dunha carpa que evidentemente se atopa fóra de escala no espazo que se pretende. Non hai que ser moi expertos para ver que compite e afecta e impón ao que alí existe.

O criterio que rexía ata o momento é que a instalacións de elementos efímeros no Campo da Feira debían ser tales que non competirían e menos que afectaran ao patrimonio alí existente. Estes elementos debían adaptarse ao espazo libre existente sen competir coa calidade do Campo da Feira.

É dicir, o Goberno Municipal tomou a decisión de cambiar o criterio existente ata o momento por diferentes Gobernos, para a colocación dos elementos efímeros (carpa, neste caso). Tomando a decisión de que esta fose o elemento a destacar en detrimento do patrimonio existente e se isto implicaba mutilar o arboredo, pois mutílase.

É polo dito que entendemos a necesidade de **formular unha declaración ou manifestación de posición política** en relación, con este asunto, do que non cabe dúbida, é **de interese municipal.**

ACORDO:

1.- Poñer en valor a importancia do Campo da Feira.

2.- Consideramos imprescindible desistir de seguir coa mutilación das árbores.

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

3.- No caso de xustificación da urxencia, obteríanse previamente os informes que concretaran a necesidade da tala do arboredo en cuestión, sempre baixo as consideracións previstas nas Normas subsidiarias de *"Excelente arboredo a conservar e completar cun proyecto"*

4.- Propondríamos a apertura dun período de consulta pública á veciñanza sobre a conservación e transformación do Campo da Feira tendo en conta a súa importancia patrimonial tanto cultural como medioambiental e paisaxística.»

Interveñen a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Parcero Quiñoy, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción anteriormente transcrita, coa exclusión do punto 4 dos acordos, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Quince (15), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal de UxC, polo que devén en acordo quedando a parte dispositiva redactada nos seguintes termos:

«1.- Poñer en valor a importancia do Campo da Feira.

2.- Consideramos imprescindible desistir de seguir coa mutilación das árbores.

3.- No caso de xustificación da urxencia, obteríanse previamente os informes que concretaran a necesidade da tala do arboredo en cuestión, sempre baixo as consideracións previstas nas Normas subsidiarias de *"Excelente arboredo a conservar e completar cun proyecto"»*

***Acceso á videoacta* – 00:51:37 horas**

B) A Sra. Presidenta dá conta da moción do grupo municipal de UxC para reinvindicar á Xunta de Galicia a construción das beirarrúas entre Catro Camiños e en Cecebre, e concede o uso da palabra á voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, quen di que a xusticación da urxencia é porque a situación que corren os veciños e veciñas de Cecebre é importante, polo tránsito que hai alí. Di que pensa que en ningún momento a Xunta de Galicia incorporou aos orzamentos autonómico ningunha partida para esa construción de beirarrúas, e cren que deben de poñer accións por parte do Goberno de Cambre e da Corporación para facer forza para que a Xunta teña en conta esas necesidades de seguridade viaria.

(Cando son as once horas e cincuenta e dous minutos auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Prieto Lamas)

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade dos vinte concelleiros e concelleiras presentes, coa abstención da concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, isto en virtude do disposto no art. 118 do Regulamento orgánico municipal, ao

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

terse ausentado do salón de sesións unha vez iniciada a deliberación do asunto, e non estar presente no momento da votación.

A continuación, a Sra. presidenta somete a debate e consideración do Pleno a moción do grupo municipal de UxC, rexistrada de entrada ao núm. 202599900001052 o día 22 de febreiro de 2026, que transcrita di:

«**CAMBRE REIVINDICA Á XUNTA DE GALICIA A CONSTRUCIÓN DAS BEIRARRÚAS ENTRE CATRO CAMIÑOS E EN CECEBRE**

Introdución

Durante os gobernos de Unión por Cambre reiterouse en múltiples ocasións diversas peticións ás administracións competentes sobre actuacións de mellora na seguridade dos peóns sen que, no caso que nos ocupa, Cecebre, se obtivera resposta ningunha por parte da Xunta.

En setembro de 2024 este pleno aprobaba unha moción na que se reivindicaban beirarrúas tanto á Deputación como á Xunta de Galicia, sen que ningunha desas peticións tiveran resposta ata o momento, tal é así que nos orzamentos autonómicos para este 2026 non se incluiu ningún orzamento para o Concello de Cambre.

Cambre, que está atravesado por múltiples infraestruturas viarias, conforma un núcleo polo que atravesan cada día milleiros de vehículos que además de complicar a circulación rodada, nas estradas nas que non hai nin beirarrúas nin sendas peonís, deixan aos peóns nunha situación de especial vulnerabilidade.

Vulnerabilidade que é, quizáis máis grave, no caso que nos ocupa ao non ter nin sequera unha beiravía pola que camiñar e protexerse do paso dos vehículos rodados. Cómpre sinalar que, no caso de Cecebre, a existencia dunha urbanización onde residen numerosas familias que non ten conexión peonil co centro da parroquia, supón un gran problema para os veciños e veciñas que residen ao longo da estrada AC-214 entre Catro Camiños en Pravio coa Mota en Cecebre e na AC-221 que comunica o Apeadeiro de Cecebre ata a ponte que cruza o embalse de Cecebre cara a Orto.

Antecedentes

O 19.06.2018 e o 12.04.2019 o entón alcalde Óscar García Patiño, envía un escrito á Xunta de Galicia solicitando as beirarrúas entre o cruzamento de Catro Camiños e a zona do Apeadeiro de Cecebre, escritos que volve a reiterar con data 7.04.2021 tal e como sigue:

"Logo de ver que con data 19 de xuño de 2018 e número de rexistro de saída do SIR 201890000000783, co fin de darlle continuidade á senda peonil que este concello fixo no ano 2017 na estrada AC-214 ata o cruzamento de Catro Camiños, solicitouse a esa Axencia, que faga un proxecto de seguridade viaria na AC-221, entre O Cruzamento de Catro Camiños e a zona do Apeadeiro de Cecebre, co fin de que esa administración execute as obras necesarias para garantir aos cidadáns unha axeitada seguridade viaria.

Logo de ver que con data 12 de abril de 2019 e número de rexistro de saída do SIR 20190000000381, se reiterou a solicitude anterior.

Tendo en conta que, a día de hoxe, non se obtivo ningún tipo de resposta.

A medio da presente, REITERASE de novo a solicitude, comprometéndose o Concello de Cambre a poñer a disposición desa administración os terreos necesarios para a execución das obras, polo que se SOLICITA, que se nos remita a relación dos terreos necesarios para poder levar a cabo as obras de mellora de seguridade viaria mencionadas."

Xunto con estes escritos, durante os gobernos de Unión por Cambre mantivéronse reunións coa Xunta para abordar este tema sen que polo momento se acadara ningún tipo de avance, aínda cando o concello lle propuxo á Xunta

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

traballar dende Cambre para acadar os terreos e poñelos á súa disposición. Sempre houbo, do executivo autonómico, a calada por resposta.

Visto todo o que antecede, e tendo en conta que hoxe Cambre conta cun goberno do Partido Popular, e segundo as atribucións que ten conferidas o pleno en virtude do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 63 do Regulamento orgánico municipal proponse ao pleno a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia á construción das beirarrúas na AC-214 dende o cruzamento de Catro Camiños en Pravio cara ao lugar da Mota.

2. Instar á Xunta de Galicia á construción de beirarrúas por parte da Xunta de Galicia na AC-221 dende o cruzamento de Catro Camiños en Pravio cara ao Apeadeiro de Cecebre, chegando ata o inicio da ponte que cruza o embalse de Cecebre cara a Orto.

3. Trasladar o dito acordo plenario á Xunta de Galicia.

4. Dar traslado aos grupos da oposición de todos os trámites que se fagan en relación con esta moción.»

(Cando son as once horas e cincuenta e catro minutos reincorpórase ao salón de sesións a concelleira Sra. Prieto Lamas)

(Cando son as once horas e cincuenta e seis minutos auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Louro López)

Intervén o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei.

(Cando son as once horas e cincuenta e sete minutos reincorpórase ao salón de sesións a concelleira Sra. Louro López)

Interveñen a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

(Cando son as doce horas e cinco minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Lamela Vázquez)

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de UxC, coa modificación do punto segundo dos acordos proposta polo BNG, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezasete (17), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez, este último en virtude do disposto no art. 118 do Regulamento orgánico municipal, ao terse ausentado do salón de sesións unha vez iniciada a deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación.

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal de UxC, polo que devén en acordo quedando a parte dispositiva redactada nos seguintes termos:

«1. Instar á Xunta de Galicia á construción das beirarrúas na AC-214 dende o cruzamento de Catro Camiños en Pravio cara ao lugar da Mota.

2. Instar á Xunta de Galicia á construción de beirarrúas por parte da Xunta de Galicia na AC-221 dende o cruzamento de Catro Camiños en Pravio cara ao Apeadeiro de Cecebre, chegando ao límite do concello, que é o cruzamento cara a Bribes.

3. Trasladar o dito acordo plenario á Xunta de Galicia.

4. Dar traslado aos grupos da oposición de todos os trámites que se fagan en relación con esta moción.»

***Acceso á videoacta* – 01:06:34 horas**

A continuación, a alcaldesa expón que pasan ao cambio que UxC quere facer, da moción da peaxe pola de Francisco Rodríguez, pero dilles que é un rogo, non unha moción, e que sobre este tema esta semana xa houbo mesa de contratación e están pendentes da adxudicación e da documentación.

Concedido o uso da palabra á voceira de UxC manifesta que vai intentar explicar por que considera que é unha moción e despois preguntarlle á Sra. secretaria se existe algún precepto legal que prohiba a este pleno adoptar un tipo de acordo no que instan a que o Goberno axilice un procedemento de contratación; que ao final o pleno vaise posicionar sobre a vontade política de sacar adiante ou priorizar un arranxo dun parque ou non; e di que explica o principio da moción.

(Cando son as doce horas e oito minutos reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro Sr. Lamela Vázquez)

Intervén o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra á secretaria xeral, quen, unha vez concedido, di que se remite, para non extenderse, ás consideracións que realizou no informe que se lles remitiu en relación a outra moción; que polo que respecta ás diferenzas entre rogos e mocións, que os rogos de conformidade co Regulamento orgánico municipal é unha formulación dunha proposta de actuación dirixida ao alcalde ou a algún dos membros da Xunta de Goberno Local; que aquí, do propio teor literal da proposta, instan á Xunta de Goberno Local á adxudicación da mellora, que polo tanto están propoñendo unha determinada actuación á Xunta de Goberno Local e iso ten encaixe nun rogo; que, por outra banda, tamén dicir que de acordo coa sentenza que mencionou no informe do que todos teñen traslado, a sentenza que menciona sinala que en consecuencia, e aínda no suposto negado polo tribunal de que as propostas afectasen a competencias do Pleno, na medida que o grupo municipal puido introducilas no apartado de rogos e preguntas, como rogo dirixido ao equipo de goberno para que este recollese o espírito e vontade das catro propostas, tendo en conta que polo seu contido se incardinaban máis no concepto de rogo que no de propostas de resolución, non é posible proclamar que se producira unha vulneración do dereito fundamental á participación nos asuntos públicos, nin de forma indirecta no dereito fundamental de igualdade, nin no de petición, por canto poden tratalo en rogos.

Concedida a palabra á voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, manifesta que a ela parécelle moi ben que lle lea un informe que ela xa leu, que fixo ese traballo onte, pero di que ela non preguntou iso, que ela preguntou se hai algún precepto legal que prohiba ao pleno adoptar un acordo para instar a outro órgano municipal,

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

que é o que traen; que a Sra. secretaria no seu informe di que o artigo 125 do ROM fala de que pode haber mocións, rogos e preguntas, e que as mocións incorporadas no exercicio do labor de control e fiscalización en moitos casos recollen cuestións que teñen máis encaixe, pero di que iso de máis encaixe, como rogos, entendendo como tales a formulación dunha proposta; que dentro dos rogos terían cabida todas aquelas mocións que teñen por obxecto solicitar; que entón ela pregunta se se están comendo as mocións que por lei poden presentar; que esas mocións estean incluídas dentro do apartado de rogos, igual están intentando que non haxa mocións; que entón non entende, e máis despois do que acaba de dicir o Sr. concelleiro de Economía e Facenda de que o teñen practicamente resolto; pregunta por que non deixan debater e que haxa unha posición do pleno, que é soberano.

Intervén a Sra. alcaldesa que manifesta que cre que quedou ben clara a exposición da Sra. secretaria, que teñen aí os informes técnicos e xurídicos pertinentes; que isto non é unha moción, que é un rogo, e pregúntalle que decide, se manter a do peaxe, cambiar esta por un rogo, retirar o peaxe; pregunta cal é a súa decisión.

A voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, manifesta que entón vai pedir que conste en acta e que a Sra. secretaria emita un informe no que se lles diga que precepto legal impide, prohibe, facer ese tipo de mocións en canto á fiscalización do equipo de goberno; que non vai convertelo nun rogo e que, evidentemente, o Goberno de Cambre está a negar un dereito fundamental que teñen os concelleiros da oposición; que non queren debater o que está pasando no Temple, que si que o vai dicir, que onte pecharon o parque infantil do barco e que agora mesmo os rapaces do Temple non teñen ningún lugar onde xogar ao aire libre; que non queren debater, non lles gusta debater, que por iso non queren esa moción, porque habería debate; que no rogo só van dicir que aceptan o rogo, como fan sempre, e despois non fan nada; dilles que sigan así.

Intervén a Sra. alcaldesa quen manifesta que os peches dos parques ben saben de onde veñen e onde está a responsabilidade, ben saben de onde veñen e como.

***Acceso á videoacta* – 01:14:12 horas**

C) A Sra. Presidenta dá conta da moción do grupo municipal de UxC para requirir a supresión da peaxe no ámbito do Plan sectorial viairo da área metropolitana da Coruña, e concede o uso da palabra ao concelleiro de UxC, Sr. González Leirós, quen di que a urxencia a traen aquí porque se está a redactar o proxecto na Xunta de Galicia, o proxecto da Vía Ártabra e que lles parece necesario tomar posición sobre este asunto.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a moción do grupo municipal de UxC, rexistrada de entrada ao núm. 202699900001052 o día 22 de febreiro de 2026, cuxa exposición de motivos e proposta de acordo transcritos din:

«**Exposición de motivos**

I) DAS POLÍTICAS DO PLAN VIARIO EN VIGOR.

Dende o ano 2001, (hai 20 anos), cando se aprobou inicialmente o Plan Sectorial viario da área metropolitana formada por seis Concellos, ninguén pon en dúbida que a cidade da Coruña e a súa contorna próxima constitúen unha realidade económica e funcional, de relacións no día a día.

Para detectar os problemas e dar solucións a esta realidade redáctase o “Plan sectorial viario da rede viaria da

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros."

Aprobado definitivamente no ano 2004 pola Xunta de Galicia e co consenso de todos os alcaldes, representantes do tecido asociativo, empresariais e cámara de comercio. En definitiva un alto consenso, que parte duns Obxectivos de Politica Territorial a conseguir.

A) DESENVOLVEMENTO SOCIO-ECONÓMICO
B) A "VERTEBRACIÓN TERRITORIAL": EQUILIBRIO TERRITORIAL E COHESIÓN SOCIAL
C) PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL

Polo tanto o Plan Sectorial non só é un documento de trazado dunha infraestrutura, vai máis aló, é un documento que obriga na redacción dos proxectos de trazado das infraestruturas que deben ter en conta os obxectivos de Política Territorial fixados Mnio Plan.

Os requisitos propostos, non Plan Sectorial, **para conseguir os obxectivos de Política Territorial fixados** concrétanse en**:**

- A NON EXISTENCIA DE AREAS DE PEAXE no ámbito metropolitano.
- CONSOLIDACIÓN DUNHA MALLA VIARIA de comunicación, que favoreza a mobilidade entre todos os concellos.
- PROGRAMACIÓN E DOTACIÓN DE ORZAMENTO.
- RESPECTO AOS ELEMENTOS QUE CONFORMAN AS ESTRUTURAS AMBIENTAIS.

Non atender a estas consideracións na redacción e execución das infraestruturas é condenar o Plan Sectorial ao fracaso.

E como consecuencia negar á poboación, que desenvolve as súas actividades económicas e sociais dentro da área metropolitana, exercelas nas mellores condicións de eficacia e eficiencia, en procura dunha adecuada funcionalidade, produtividade e calidade de vida, nun modelo de mobilidade que non favorece o desenvolvemento económico nin a cohesión Social.

Falamos neste caso do Sistema de infraestruturas viarias e por iso non introducimos outros medios como son o tren de proximidade e a mellora do transporte de autobuses ou outras formulas de mobilidade.

II) COMPARATIVO CON OUTRAS ÁREAS

A AP 9 ten como final de traxecto a cidade da Coruña, producíndose a súa comunicación a través dun só punto situado en Alfonso Molina.

Diferénciase de como se produce na cidades de Santiago e Vigo. Nestas a AP9 as circunda a cidade, o que permite ter dúas e ata tres entradas ás súas áreas de influencia. Estas singularidades supuxeron que tramos de conexión entre puntos da cidade se considerásen como tramos de non peaxe o que supón un factor importantísimo na mobilidade destas áreas. Caso singular é o de Vigo onde a gratuidade esténdese mesmo a outros concellos como son Redondela e Moaña e Cangas.

A área dentro do Plan sectorial viario da Coruña entende adquirida o dereito a un trato igualitario dentro da súa singularidade; esta trata, como xa dixemos, de como a AP9 entra na cidade da Coruña.

Por tanto, o ***"entendido como trato igualatorio, dentro da singularidade",*** trata de fixar o final da peaxe en Guísamo. Isto permitiría expor a gratuidade das relacións, económicas e sociais, dentro da área do Plan viario do área metropolitana da Coruña.

No caso concreto de Cambre supoñería que deixásemos de pagar o traxecto Cambre Coruña, que non usamos, tanto á entrada e saída a Santiago, á marxe da reivindicación de conexión de entrada e saída á cidade da Coruña.

É polo dito que entendemos a necesidade de **formular unha declaración ou manifestación de posición Política** en relación, con este asunto, do que non cabe dúbida, é **de interese municipal e xeral, en tanto que transcende do ámbito local.**

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Por todo canto antecede, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO PLENARIO:

1.- Declarar libre de peaxe a área interior ao Plan sectorial viario da área metropolitana da Coruña, propoñendo a fin da peaxe no intercambiador de Guísamo.

2.- Solicitar ás administracións implicadas, Xunta e Fomento, se dean inicio ás conversas e actuacións necesarias para facer efectiva esta declaración.

3.- Dar traslado da solicitude a todos os Concellos implicados, Deputación, Cámara de Comercio, para coñecemento e toma de posición.»

Interveñen a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o concelleiro de AV, Sr. Castro Uzal, e o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de UxC, que é aprobada por unanimidade.

***Acceso á videoacta* – 01:31:08 horas**

D) A Sra. Presidenta dá conta da moción do grupo municipal de AV para demandar á Xunta de Galicia o financiamento do 100% do SAF, e concede o uso da palabra ao voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, quen di que a urxencia un pouco vén dada pola noticia do acordo doutro día da Fegamp, deses 18 euros aos que achegaría a Xunta no 2028 e que eles consideran que non chegaría a cubrir nin sequera o custo vendo como vai a vida a día de hoxe.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a moción do grupo municipal de AV, rexistrada de entrada ao núm. 202699900001037 o día 20 de febreiro de 2026, modificada no curso da presente sesión polo interviniente no que ao 3º punto dos acordos se refire, di:

«**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS PARA DEMANDAR Á XUNTA DE GALICIA O FINANCIAMENTO DO 100% DO SAF**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de asfixia financeira que padecen os concellos galegos debido ao exercicio de competencias delegadas pola Xunta de Galicia chegou a un punto de non retorno. O caso máis flagrante é o da Dependencia e o Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

Mentres a Xunta de Galicia ostenta a competencia exclusiva en políticas sociais, son os concellos os que, na práctica, sosteñen o sistema. A administración autonómica limítase a transferir unha contía por hora que non cobre, nin de lonxe, o custo real que os concellos pagan ás empresas prestadoras ou ao persoal propio.

Esta diferenza, que debería ser asumida ao 100 % pola Xunta e o Estado, está a ser cuberta con fondos municipais, o que supón unha detracción de recursos para obras, cultura, deportes e servizos básicos locais.

Recentemente, o acordo asinado entre a FEGAMP e a Xunta de Galicia non fixo máis que oficializar unha inxustiza. Ese convenio que establece para o 2028 unha achega da Xunta de Galicia de 18 euros/hora, non cubrirá o 100% do custo do SAF, que neste momento xa está en 24 euros/hora e que con toda seguridade se verá incrementado proximamente de forma considerable. Aceptar migallas mentres as arcas municipais se baleiran para exercer

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

competencias autonómicas é un erro que non podemos permitirnos por máis tempo. Pero é que ademais non se trata só dunha cuestión financeira. O sistema de atención á dependencia camiña cara o colapso. Para evitalo, a Xunta está na obriga de abrir un diálogo sincero con todas as partes interesadas: concellos, asociacións, ONGs, patronal, sindicatos, axentes sociais… para buscar alternativas e solucións que permitan establecer medidas realmente efectivas, e non máis plans de choque ineficaces, absurdos e lonxanos das necesidades reais das persoas dependentes e as súas familias.

A crise do modelo imposto polo Goberno autonómico do Partido Popular maniféstase, por exemplo, nos tempos que tarda a Xunta de Galicia en resolver as valoracións de dependencia; ou na continua perda da calidade de servizo, motivada principalmente polas condicións laborais das traballadoras do SAF, maioritariamente mulleres, cun convenio colectivo que leva máis dunha década caducado, sen medidas de prevención de riscos adaptadas, etc...

Precisamente para dar pasos cara a un modelo no que realmente importen as persoas dependentes e as súas familias, o Concello de Oleiros propuxo a todos os municipios da provincia presentar unha denuncia conxunta contra a Xunta de Galicia para esixir o cumprimento íntegro do financiamento da Lei de dependencia. Desde o poder municipal cómpre deixar a un lado intereses partidistas e esixir o cumprimento das leis, para acabar cos abusos da administración autonómica.

Polo exposto o grupo municipal de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar á Xunta de Galicia a incrementar de forma inmediata o financiamento do SAF ata acadar o 100 % do custo real do servizo, liberando aos concellos de realizar achegas económicas por competencias que non lles son propias.

2.- Solicitar á Xunta de Galicia un novo modelo de atención ás persoas dependentes que parta do diálogo con todas as partes implicadas para que se poida mellorar realmente a calidade da atención.

3.- Notificar este acordo a todos os concellos da comarca, á Xunta de Galicia e á FEGAMP.»

(Cando son as doce horas e trinta e tres minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei, que se reincorpora ás doce horas e trinta e catro minutos)

Interveñen a concelleira de UxC, Sra. Díaz Baldomir, a concelleira do PP, Sra. Espiñeira Galán, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, e o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de AV, que é aprobada por unanimidade.

***Acceso á videoacta* – 01:54:50 horas**

E) A Sra. Presidenta concede o uso da palabra ao voceiro do PSdeG-PSOE, quen presenta unha moción oral e di que a urxencia dela vén motivada polo feito de que os tres recoñecementos extraxudicias de crédito teñen sido incorporados fóra da orde do día da sesión plenaria, sen ter sido previamente ditaminados en comisións informativas nin facilitada a documentación coa antelación suficiente para o seu estudo por parte dos membros da Corporación.

Di que a decisión sobre unha inclusión tense producido con menos de 24 horas de marxe, o que limita de maneira evidente a capacidade de análise e valoración duns expedientes que implican a validación de obrigas económicas; que precisamente por afectar ao correcto funcionamento institucional, ao respecto debido aos órganos colexiados, e ao dereito dos concelleiros a exercer a súa función con plenitud, resulta necesario que o pleno se pronuncie de maneira inmediata sobre a procedencia de deixar estes asuntos sobre a mesa e incluílos no vindeiro pleno coas debidas garantías.

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Conclúe dicindo que a urxencia, polo tanto, non radica no fondo económico dos expedientes, cuxa necesidade de pago ninguén cuestiona, senón na necesidade de preservar o adecuado funcionamento democrático da Corporación e evitar que se consolide unha práctica que baleira o contido das comisións informativas e dificulta o exercicio responsable do voto; que por todo isto se solicita a apreciación da urxencia para o seu debate e votación na presente sesión.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a moción do grupo municipal de do PSdeG-PSOE, que lida polo voceiro do grupo, di:

"<u>Exposición de motivos</u>

A semana pasada celebráronse as correspondentes comisións informativas sen que en ningún momento se tratase asunto ningún relativo ao REC. Posteriormente, na xunta de voceiros celebrada o venres informouse da intención de levar ao pleno ordinario un REC por importe aproximado de 25.000 euros, destinado ao pago de pequenas facturas a autónomos ..."

Neste punto o voceiro do PSdeG-PSOE di que quere facer unha puntualización, porque están falando aquí de pequenos autónomos neste REC, pero hai pequenos autónomos como a Deputación da Coruña e Correos; que esa é unha pequena puntualización.

O Sr. Alcantarilla Rei continúa coa lectura da moción dicindo:

"Na dita xunta manifestamos o noso malestar pola forma de proceder, solicitando maio previsión e respecto ao tempos necesarios para o estudo dos expedientes. Trasaladóusenos o compromiso de remitir a documentación o luns. Non obstante a documentación non foi enviada nin o luns, nin o martes, chegando finalmente o mércores ás 17.00 horas, a menos de 24 horas da celebración do pleno.

Ademáis, non se trataba dun único REC, senón de tres expedientes distintos. Queremos deixar absolutamente claro que somos plenamente conscientes da presión e da carga de traballo que soportan os funcionarios municipais e recoñecemos que realizan o seu labor con profesionalidade e dentro das súas posibilidades. En ningún caso as nosas críticas se dirixen ao persoal técnico ou administrativo. A decisión de cando se levan estes recoñecementos extraxudicias de crédito ao pleno corresponde, única e exclusivamente ao Goberno municipal, por iso pedimos que non se poñan na nosa boca palabras que non dixemos nin pensamos, nin se intenten trasladar responsabilidades a quen on as teñen.

Entendemos tamén a necesidade de aboar factruas e cumprir cos provedores, especialmente cando se trata de pequenos autónomos. Non obstante, consideramos que a reteración nesta forma de proceder evidencia unha falta de planificación, un incumprimento reiterado de compromisos adquiridos e unha mingüa no dereito de todos os membros da Corporación de Cambre a estudar adecuadamente os asuntos sometidos a votación.

Así mesmo resulta chamativa a incoherencia política respecto do posicionamento mantido en anteriores mandatos cando se criticaba duramente o uso reiterado dos recoñecementos extraxudiciais de crédito e a improvisación na xestión. O adecuado funcionamento institucional esixe previsión, transparencia e respecto aos órganos colexiados e especialmente ás comisións informativas cuxo contido non pode baleirarse trasladando expedientes completos ao pleno sen o tempo mínimo imprescindible para a súa análise.

Por todo o exposto o Pleno da Corporación ACORDA:

1. Deixar enriba da mesa os 3 recoñecementos extraxudicias de credito incluídos fóra da orde do día na presente sesión.

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

2. Incluír os ditos expedientes na orde do día do próximo pleno, garantindo que todos os membros da Corporación dispoñan do tempo suficiente para o seu estudo.

3. Garantir que a documentación completa dos expedientes sexa remitida a todos os membros da Corporación coa antelación suficiente para o seu adecuado estudo."

A Sra. presidenta concede a palabra á secretaria xeral, quen, unha vez concedido, expón que en relación a esta moción, en primeiro lugar, como xa dixo antes, para deixar un asunto sobre a mesa o asunto ten que estar sendo obxecto de tratamento por parte do pleno; que o pleno da Corporación nesta sesión acaba de pronunciarse verbo da non apreciación da urxencia dos asuntos, polo que os asuntos non se trataron, nin se debateron, polo que non pode quedar sobre a mesa algo que nunca estivo nunha mesa.

Di que, en segundo lugar, polo que respecta a incluir os asuntos nunha convocatoria dunha sesión plenaria, informalle que a competencia para convocar as sesións correspóndelle exclusivamente á Sra. alcaldesa, polo que iso sería máis ben un rogo; e o mesmo o terceiro punto, o da documentación, que vai unido ao anterior, é dicir a convocatoria dun pleno, como de todos os órganos colexiados da Corporación, é unha competencia exclusiva da Sra. alcaldesa, non do concello, polo que di que considera que é un rogo polos motivos que expuso en relación coa moción anterior de UxC.

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, e a Sra. alcaldesa.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

***Acceso á videoacta* – 02:16:18 horas**

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POR DONA MARÍA DOLORES PAN LESTA EN DATA 23 DE FEBREIRO DE 2026 (NÚM. REXISTRO 202699900001061)

***Acceso á videoacta* – 02:16:21 horas**

Dáse conta do escrito presentado por dona María Dolores Pan Lesta en data 23 de febreiro de 2026 (núm. rexistro 202599900001061), que, entre outras cousas, di:

> "(...) **EXPOSICIÓN**
>
> Como concelleira do Concello de Cambre, comunico a miña situación procesual no procedemento Dilixencias Previas Procedemento Abreviado 259/2023, seguido ante o Xulgado de Instrución 5 de A Coruña, por presunto delito de prevaricación administrativa sobre decisión de pago de gratificacións por servicios extraordinarios a empregados do Concello.
>
> **SOLICITUDE**
>
> Que tendo por presentado este escrito, o admita, tome coñecemento do seu contido, e na súa virtude, teña xa agora constancia formal da vontade da dicente de reclamar desta Entidade Local todos os gastos de representación e defensa acometidos pola súa condición de investigada no procedemento penal referido, no

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

momento en que adquira firmeza a resolución decretando o sobresemento libre ou provisional e o arquivo das actuacións no procedemento referido.
(...)"

(Cando son as trece horas e dezaoito minutos auséntase da sesión a interventora interina, Sra. García Santiago).

3.3. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

***Acceso á videoacta* – 02:17:36 horas**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 72 resolucións numeradas da 60 á 131 do ano 2026, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
60/2026	26-01-2026	Aprobar a liquidación do Imposto sobre o valor engadido do segundo trimestre do ano 2025, saldando o importe das cotas de IVE repercutido por 41.339,22 euros, e o das cotas do IVE soportado por 27.983,26 euros, do que resulta un saldo acredor por IVE a favor da Facenda Pública do Estado de 13.355,96 euros. Aprobar a liquidación do Imposto sobre o valor engadido do terceiro trimestre do ano 2025, saldando o importe das cotas de IVE repercutido por 40.203,23 euros, e o das cotas do IVE soportado por 0,00 euros, do que resulta un saldo acredor por IVE a favor da Facenda Pública do Estado de 40.203,23 euros. Aprobar a liquidación do Imposto sobre o valor engadido do cuarto trimestre do ano 2025, saldando o importe das cotas de IVE repercutido por 43.990,07 euros, e o das cotas do IVE soportado por 81.541,84 euros, do que resulta un saldo debedor por IVE a favor do Concello de 37.551,77 euros. Aprobar os mandamentos de pago e o pagamento en formalización das devanditas liquidacións.
61/2026	26-01-2026	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de decembro de 2025 por importe de 80.590,38 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento.
62/2026	26-01-2026	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, dos 257.974,14 euros no concepto non orzamentario "20302 Canon da auga Xunta de Galicia", a favor de Augas de Galicia, correspondente á autoliquidación do canon da auga do terceiro cuadrimestre do 2025.
63/2026	26-01-2026	Convocar sesión ordinaria do Pleno municipal para o xoves 29 de xaneiro de 2026, que terá lugar no salón de sesións da casa do concello, ás 11:00 horas
64/2026	27-01-2026	Modificar a Resolución número 26/2026, de data 26 de xaneiro de 2026, no seguinte senso: Onde di: "(...) Único: Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, dos 257.974,14euros no concepto non orzamentario "20302 Canon da auga Xunta de Galicia", a favor de Augas de Galicia, correspondente á autoliquidación do canon da auga do terceiro cuadrimestre do 2025 ."

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Debe dicir: "(...) Único: Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento a favor de Augas de Galicia, de 253.417,79 euros ((2.977,69 € + 116.631,43 € + 133.659,34 € + 149,33) no concepto non orzamentario "20302 Canon da auga Xunta de Galicia", e 4.556,35 euros na aplicación" 920/22501 Tributos Xunta de Galicia Administración xeral" pola parte relativa aos autoconsumos, correspondentes ambos os dous á autoliquidación do canon da auga do terceiro cuadrimestre do 2025."
65/2026	27-01-2026	Comparecer no PA Procedemento abreviado 7/2026 perante o Tribunal de Instancia Sección de lo Contencioso-Administrativo Praza nº 2 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación ao Letrado Julio López Taboada, colexiado 606 del Ilustre Colexio de Avogados da Coruña. – Procedemento por responsabilidade patrimonial.
66/2026	27-01-2026	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico por importe total de 400,00 euros.
67/2026	27-01-2026	Acceder ao solicitado e remitirlle a dona María Dolores Pan Lesta á documentación solicitada.
68/2026	28-01-2026	Conceder a MGMG a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 da dita ordenanza.
69/2026	28-01-2026	Aprobar o aboamento de diferenzas da nómina correspondente ao mes de decembro de 2025.
70/2026	28-01-2026	Conceder a RIM a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 da dita ordenanza.
71/2026	28-01-2026	Comparecer no procedemento citado perante o Xulgado do Social número 3 da Coruña, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial. Demanda en procedemento de Seguridade Social en materia prestacional 0000420/2024
72/2026	27-01-2026	Convocar proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de Administración Xeral interinos cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan. Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
73/2026	27-01-2026	Aprobar a lista definitiva dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao concurso para a elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos de obras públicas interinos.

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Desestimar as alegacións con rexistros de entrada números 202599900007788 e 202599900007763, a primeira por ser presentada fóra de prazo e a segunda por non ser emendable a falta de pagamento da taxa.
74/2026	29-01-2026	Aprobar a lista definitiva dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao concurso para a elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros de camiños, canais e portos interinos. Desestimar as alegacións con rexistros de entrada números 202599900007795, 202599900007789 e 202599900007788 por ser presentadas fóra de prazo.
75/2026	29-01-2026	Aprobar o reintegro a prol da Xunta de Galicia dos fondos non xustificados da subvención concedida ao Concello de Cambre para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no exercicio 2021, por importe de 268,05 euros, imputándose á aplicación “20141 Anticipos de subvención non prevista a súa xustificación”. Proceder ao pagamento.
76/2026	29-01-2026	Aprobar e dispor o gasto, así como o recoñecemento e liquidación de obrigas por importe de 105,82 € pendentes do principal no procedemento abreviado 249/2024, e a ordenación do pagamento da devandita cantidade e realización do pago mediante transferencia. Beneficiario: Tribunal de Instancia Sección Contencioso Administrativo Praza 3 A Coruña.
77/2026	30-01-2026	Aprobar a nómina do mes de xaneiro de 2026 por un total líquido de 226.066,12 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das retencións practicadas na nómina de xaneiro 2026 por importe total de 795,32 euros.
78/2026	30-01-2026	Resolución sancionadora de tráfico por importe de 200 euros
79/2026	02-02-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de febreiro de 2026
80/2026	02-02-2026	Cesar con data 2 de febreiro de 2026 ao policía local GML na comisión de servizos voluntaria que viña prestando no posto de policía local vacante deste concello por petición expresa
81/2026	02-02-2026	Aprobar os gastos correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de decembro de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos e o seu pagamento, por importe total de 62.346,20 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de decembro de 2025 por importe de 17.437,65 euros
82/2026	02-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JLMA
83/2026	02-02-2026	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Comisión Informativa Permanente de Presidencia, Seguridade, Urbanismo, Obras, Servizos e Medio Ambiente do día 3 de febreiro de 2026
84/2026	02-02-2026	Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Voceiros de data 3 de febreiro de 2026
85/2026	03-02-2026	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno Municipal de data 6 de febreiro de 2026

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

86/2026	03-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JCFP
87/2026	03-02-2026	Considerar desistida a PVM da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 18/11/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
88/2026	03-02-2026	Considerar denegada na solicitude do servizo de axuda no fogar por traslado da súa residencia o centro de maiores Garcia Hermanos no concello de Betanzos. Solicitante: MdelCSH
89/2026	03-02-2026	Conceder as axudas económicas de emerxencia social solicitada con data 12/01/2026 segundo o artigo 7 da ordenanza destinada ao pagamento dun recibo de auga correspondente ao terceiro trimestre do ano 2025 por importe de 58,47 euros. Solicitante: ADChM
90/2026	03-02-2026	Conceder as axudas económicas de emerxencia social solicitadas con datas 21/11/2025 e 14/01/2026, segundo o artigo 7 da ordenanza destinada ao pagamento de: Recibo de luz por importe de 42,62 euros que comprende o período do 24/08/2025 ao 24/09/2025 Recibo de auga por importe de 81,56 euros que comprende o terceiro trimestre do ano 2025. Solicitante: FCS
91/2026	04-02-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
92/2026	03-02-2026	Aprobar a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos industriais interinos, encadrados na escala de Administración Especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencentes ao subgrupo de clasificación profesional A2. Aprobar a designación dos membros integrantes do tribunal cualificador
93/2026	04-02-2026	Aprobar, con efectos do 1 de xuño de 2025, a relación de 5 baixas para participar no programa das escolas de actividade física e saúde 2025
94/2026	04-02-2026	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 21/01/2026, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o saldo medio de aforro bancario supera o máximo establecido pola ordenanza. Solicitante: DFP
95/2026	04-02-2026	Considerar desistida a LCS da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 17/11/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
96/2026	04-02-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: PMRN
97/2026	04-02-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: FMV
98/2026	04-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social solicitada con data 16/07/2025, destinada ao pagamento do recibo de alugueiro do mes de xullo e parte do recibo de alugueiro do mes de agosto de 2025 por importe total de

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		600 euros, segundo o artigo 7 da ordenanza reguladora. Solicitante: ESLCh
99/2026	04-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: VPdeG
100/2026	04-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: HCL
101/2026	06-02-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 10 de febreiro de 2026
102/2026	06-02-2026	Solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado conserxería e limpeza campos de fútbol: Daniel Mallo. Barcala-Lendoiro e Os Pinares prestado pola empresa Os Ventos, Innovación en Servizos, S.L.
103/2026	06-02-2026	Levantar o reparo formulado pola Intervención municipal no informe de fiscalización de data 19/12/2024, á proposta de outorgamento de premios e gratificacións aos participantes no entroido en Cambre 2024, segundo informe do levantamento de reparos do coordinador da Area de data 16/01/2026, asinado polo coordinador de área ao obxecto de continuar coa tramitación do procedemento
104/2026	09-02-2026	Conceder, segundo a acta do xurado, os premios correspondentes ao concurso de disfraces, comparsas e carrozas do entroido en Cambre 2024, e os importes individuais. Conceder ás comparsas e carrozas participantes as gratificacións por participación, previstas nas bases para este concurso, por importe individual de 100,00 € a unha comparsa e de trescentos euros (300,00 €) a cada unha das oito carrozas con dereito
105/2026	10-02-2026	Denegar a axuda económica de emerxencia social solicitada o 27/06/2025, xa que segundo o artigo 22.3 da Ordenanza reguladora a axuda solicitada non constitúe unha solución axeitada ou non resolve de forma significativa a necesidade formulada. Solicitante: ML
106/2026	10-02-2026	Considerar desistida a EGJ da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 29/09/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
107/2026	10-02-2026	Considerar desistida a NYUC da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 27/11/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
108/2026	11-02-2026	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de abril de 2025, tendo en conta as horas efectivamente prestadas polo servizo de axuda no fogar nese período, que comprende 99 recibos e 15 cotas cero dun total de 114 persoas usuarias por un importe total 12.100,78 euros

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

109/2026	11-02-2026	Aprobar e dispor o gasto, e recoñecer e liquidar obrigas a prol de Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L., por importe de 9.590,69 euros en concepto de xuros por retraso no pago de facturas, e de 99,06 €, en concepto de xuros legais devengados dende a data 21.10.2025, en execución de sentenza núm. 58/2025 do Xulgado contencioso administrativo nº 3 da Coruña recaída no Procedemento ordinario 21/2024, así como o seu pagamento
110/2026	11-02-2026	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de maio de 2025, tendo en conta as horas efectivamente prestadas polo servizo de axuda no fogar nese período, que comprende 96 recibos e 17 cotas cero dun total de 113 persoas usuarias por un importe total de 12.446,21 euros
111/2026	11-02-2026	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de abril de 2025, tendo en conta as horas efectivamente prestadas polo servizo de axuda no fogar nese período, que comprende 99 recibos e 15 cotas cero dun total de 114 persoas usuarias por un importe total de 12.100,78 euros
112/2026	11-02-2026	Autorizar a emisión dun novo certificado electrónico de representante do Concello de Cambre a nome de IBM, para os únicos efectos de que sexa empregado no desenvolvemento das súas obrigas como tesoureira municipal, isto dentro das funcións delimitadas que lle atribúe o Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional
113/2026	11-02-2026	Conceder a licenza para o cambio de uso do local comercial sito na Travesía da Coutelana a vivenda e para as obras de adecuación correspondentes, tal e como se reflicte no proxecto redactado. Solicitante: RSFB
114/2026	11-02-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
115/2026	10-02-2026	Comparecer no procedemento abreviado 24/2026, demanda interposta pola representación procesual de 3C Calidad Y Control Sociedad Cooperativa Gallega contra o concello de Cambre sobre contratación e convenios, perante o Xulgado do ContenciosoAdministrativo número 2 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
116/2026	13-02-2026	Rectificar os erros detectados nos puntos segundo e terceiro da parte dispositiva da resolución desta concellería número 17/2026, de data 13 de xaneiro de 2026, pola que se aproba a concesión e baixa das bonificacións da cota da taxa por subministración de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o pagador da póliza de abono ostente a condición de familia numerosa para o 4º trimestre de 2025
117/2026	13-02-2026	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes de 19.02.2026
118/2026	13-02-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de febreiro de 2026
119/2026	16-02-2026	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora interina no seu informe de 13 de febreiro de 2026 a efectos de continuar coa tramitación do procedemento, isto con base no informe do coordinador de actividades culturais e educativa. Dispoñer que continúe o procedemento para adxudicación do expediente de contratación do Servizo de produción do

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		evento “Entroido Pequeno” a celebrar no concello de Cambre
120/2026	18-02-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: DLV
121/2026	16-02-2026	Delegación na concelleira dona María Dolores Pan Lesta para a celebración do matrimonio civil de ACP e DLG, que terá lugar o día 27 de febreiro de 2026, ás 14.00 horas
122/2026	16-02-2026	Aprobar a nómina de atrasos (produtividade do terceiro e cuarto trimestre de 2025) cun total de retribucións brutas 84.424,51 euros
123/2026	18-02-2026	Aprobar, dispor o gasto, e recoñecer e liquidar obrigas a prol de Medancli, S.L. por importe de 3.679,47 euros en concepto de xuros de mora no pago de facturas presentadas. Aprobar, dispor o gasto, e recoñecer e liquidar obrigas a prol de Medancli, S.L. por importe de 120 euros en concepto de costes de cobro de facturas presentadas
124/2026	19-02-2026	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a modificación do modelo de invitación para o contrato do seguro de flota de vehículos do Concello de Cambre aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local nos seguintes extremos: 1.- O apartado segundo do acordo que queda redactado do seguinte xeito: “De conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación correspondente a unha póliza de seguro de flota de vehículos, a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), cun orzamento anual de licitación de 18.190,00 euros, e cun valor estimado de 43.656,00 euros. Modificar o documento de invitación
125/2026	19-02-2026	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de xaneiro de 2026 por importe de 49.902,07 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 49.902,07 euros
126/2026	19-02-2026	Levantar o reparo formulado pola Intervención municipal no informe de fiscalización de data 12.02.2026 á proposta de outorgamento de premios e gratificacións aos participantes no Entroido en Cambre 2025, isto visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas con data 15.02.2026
127/2026	19-02-2026	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a modificación do acordo acadado na mesma na data 18.02.2026 nos seguintes extremos: 1.- O apartado segundo do acordo. 2.- O documento de invitación. Modificar o apartado segundo do acordo citado, que queda redactado do seguinte xeito: “Segundo.-De conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación correspondente a unha póliza de seguro de flota de vehículos, a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), cun orzamento anual de licitación de 18.190,00 euros, e cun valor estimado de 43.656,00 euros. Modificar o documento de invitación.
128/2026	20-02-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal, no seu informe referencia FISCALIZACIÓN LGS - REPARO - SUBVENCIÓNS - PREMIOS ENTROIDO EN CAMBRE 2024 - FASE O 2023/G006/000223 - 2023/A002/000014 – 2024/G003/000180 - 2024/G003/001291 - 2026/G003/000120-2026/G003/00142, de data 18.02.2026 (15 primeiros díxitos do CVD: 8mDJCDq4PZnz4nO_____), isto tendo en conta o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas de data

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

		19.02.2026 (15 primeiros díxitos do CVD: VSHF0IXy5VNnhdL____). Recoñecer e liquidar obrigas por un importe total de dous mil cen euros (2.100,00 euros), en concepto de premios do concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido 2024 en Cambre, con cargo á aplicación orzamentaria 338 48100, así como o seu aboamento. Recoñecer e liquidar obrigas por un importe total de dous mil cincocentos euros (2.500,00 euros) en concepto de gratificacións ás comparsas e carrozas participantes, segundo as bases para este concurso, por importe individual de cen euros (100,00 €) á comparsa participante e de trescentos euros (300,00 €) a cada unha das 8 carrozas con dereito á mesma, así como o seu aboamento mediante transferencia bancaria con cargo á aplicación orzamentaria 338 48100.
129/2026	20-02-2026	Conceder, segundo a acta do xurado, os premios correspondentes ao concurso de disfraces do Entroido en Cambre 2025, con cargo á aplicación orzamentaria 2026 338 48100. Conceder ás comparsas e carrozas participantes que se indican a continuación, as gratificacións por participación, previstas nas bases para este concurso, por importe individual de cen euros (100,00 €) á comparsa que compre o establecido e de trescentos euros (300,00 €) a cada unha das 7 carrozas con dereito á mesma, con cargo á aplicación orzamentaria 2026 338 48100. Ter por desistida á entidade Melandrainas Creativa S.C.G. co CIF (F70****42) da súa solicitude relativa ao 2º premio na modalidade de comparsas por non emendar as deficiencias requiridas, en aplicación do establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao incumprir os requisitos establecidos para obter a condición de premiado no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
130/2026	20-02-2026	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 24 de febreiro de 2026, ás 10.00 horas.
131/2026	20-02-2026	Retrotraer as actuacións efectuadas ao momento anterior ao trámite de audiencia. Notificar o presente acordo ao Consello Consultivo de Galicia, solicitando a devolución do expediente. Conceder á entidade mercantil OSVENTOS, INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L., o trámite de audiencia no expediente de revisión de oficio por un prazo de 10 días, poñendo á súa disposición toda a documentación que obra no expediente. Durante o dito prazo poderá formular as alegacións que considere oportunas.

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 3 de febreiro de 2026
- Proposta relativa á aprobación do expediente de contratación relativo á “Subministración por lotes de material de construción para a brigada de obras municipal do Concello de Cambre”, por tramitación ordinaria e mediante procedemento aberto simplificado, cun único criterio de adxudicación (factor prezo). Expediente TEDeC núm. 2025/C005/000006 - Proposta relativa á devolución da fianza definitiva depositada pola entidade “Cátering Ferrolterra, S.L.” para o lote 9 “Manutención” relativo ao contrato mixto da subministracións e servizos necesarias para o montaxe do

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

evento “Open Science Cambre 2024”. Expediente TEDeC núm. 2024/C005/000009
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 18 de febreiro de 2026
- Proposta relativa á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade “IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.” para a obra “Remodelación, mantemento e conservación do Paseo dos Templarios, O Temple”. Expediente número 2018/C003/00007. - Proposta relativa á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade “Jardinería Arce, S.L.” para a obra “Reforma e adecuación de beirarrúas na rúa Antón Fraguas. O Temple”. Expediente número 2018/C003/000029. - Proposta relativa á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade “Jardinería Arce, S.L.” para a obra “Acondicionamento de pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez”. Expediente número 2021/C003/000001 - Proposta relativa á adxudicación do «Servizo de produción do evento “Entroido Pequeno” a celebrar no concello de Cambre», expediente número 2026/C004/000001, á entidade “Lago Empedrado, S.L.”, no prezo ofertado de 60984,00 euros IVE incluído. - Proposta relativa á contratación dunha póliza de seguro de flota de vehículos a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) Expediente número 2026/C006/000001 - Proposta relativa á contratación dunha póliza de seguro de danos materiais do Concello de Cambre a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) (expediente TEDEC número 2026/C006/000003) - Proposta relativa á ratificación do acordo de aprobación provisional do Plan Especial de infraestruturas e dotacións para a ampliación do cemiterio parroquial de San Xoan de Anceis – Cambre

3.4. ROGOS

***Acceso á videoacta* – 02:17:46 horas**

ROGOS DE UXC PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900001088 o día 23 de febreiro de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - *Acceso á videoacta* – 02:17:52 horas

Lee o rogo a Sra. Pan Lesta.

“En comisións informativas a Sra. alcaldesa ante preguntas do BNG sobre a situación das relacións entre o goberno e a representación sindical e sobre a dimisión dos representantes da CIG, volveu a facer fortes críticas cara a este sindicato e, aínda sen nombrala directamente, cara a unha persoa en concreto sinalando que non se pode falar de “bloqueo administrativo” sen probas que o demostren e mesmo acusar aos representantes sindicais da mala imaxe e desprestixio que están causando á institución. Por todo isto, rogamos á Sra. alcaldesa a que pida publicamente desculpas a todos os cambreses e cambresas, a todos os provedores e provedoras e a todos nós, por ser ela a que neste salón de plenos tantas veces danou a institución, o nome do Concello de Cambre, cando actuaba como voceira do Partido Popular e o sigue facendo agora como alcaldesa ao facer este tipo de acusacións e mesmo ameazas neste salón plenario cando intenta influir no voto dos concelleiros e concelleiras da corporación.”

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

(Cando son as trece horas e dezanove minutos auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Espiñeira Galán, quen se reincorpora ao salón ás trece horas e vinte e dous minutos; ás trece horas e vinte minutos auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Pan Matos, quen se reincorpora ás trece horas e vinte e catro minutos; cando son as trece horas e vinte e tres minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. González Leirós, ás trece horas e vinte e catro minutos a concelleira Sra. Varela Germade, e ás trece horas e vinte e seis minutos o concelleiro Sr. Barrientos Morales)

Intervén a Sra. Pan Lesta.

(Cando son as trece horas e vinte e sete minutos reincorpóranse ao salón de sesións o concelleiro Sr. Barrientos Morales e a concelleira Sra. Varela Germade)

Intervén a Sra. alcaldesa.

(Cando son as trece horas e trinta minutos reincorpóranse ao salón de sesións o concelleiro Sr. González Leirós)

2º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:30:46 horas**

Lee o rogo o Sr. Mallo Castro.

“A día de hoxe Cambre ainda non pasou por pleno a Conta Xeral de 2025 o que impide que esteamos ao corrente para poder solicitar subvencións como foi o caso do Obradoiro de Emprego, e non sabemos se algunha outra.

Tamén preocupa que nos informes de Intervención relativos ao Plan de Obras e Servizos que se aprobou en pleno o 6 de febreiro de 2026, a propia interventora advertía que non estamos a corrente coas obrigas tributarias nin coa Seguridade Social. Ante isto, e visto xa os antecedentes de impagos no seu día á Seguridade Social e do IRPF situacións insólitas en Cambre, rogamos que dunha vez por todas o Concello de Cambre se poña ao día das súas obrigas tanto tributarias como coa Seguridade Social e mesmo o pago do IVE que o puxeron ao día o pasado 26 de xaneiro ao facer os ingresos do segundo, terceiro e cuarto trimestre de 2025, como no tema da rendición de contas co fin de non ser outra vez sancionados con perda de subvencións ou, incluso, chegar a ter que devolver algunha.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

(Cando son as trece horas e trinta e tres minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Lamela Vázquez, que se reincorpora ao salón cando son as trece horas e trinta e cinco minutos. A continuación auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Castro Uzal)

Interveñen a Sra. Prieto Lamas, o Sr. Vázquez Pérez e a Sra. Prieto Miramontes.

(Cando son as trece horas e trinta e oito minutos reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro Sr. Castro Uzal, e auséntase a concelleira Sra. Díaz Baldomir)

Intervén o Sr. Vázquez Pérez.

3º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:39:12 horas**

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Lee o rogo a Sra. Pan Lesta

“Cambre está sumido nunha caótica situación en canto a pagos de facturas, onde ademais de acumular un período medio de pago que chega aos 197,34 días en decembro, é un despróposito en canto ás ordes de pago que se están a facer sen cumprir coa Lei 39/2025, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas que establece no seu artigo 71:

"En el despacho de los expedientes se guardará el orden riguroso de incoación en asuntos de homogénea naturaleza, salvo que por el titular de la unidad administrativa se dé orden motivada en contrario, de la que quede constancia."

Un claro exemplo o puido comprobar Unión por Cambre en canto ao pago das asignacións aos partidos políticos da Corporación municipal onde, mentres provedores deste concello superan con largas os 100 días para cobrar, o Partido Popular de Diana Piñeiro tardou un día en cobrar. Fíxoo o pasado 30 de decembro despois de presentar a documentación o día 29 dese mesmo mes.

Unión por Cambre presentou a solicitude do primeiro semestre o 16.06.2025 e reitorou a dita solicitude o 09.10.2025 sen que a día de hoxe se lle fixera ingreso de ningún tipo. Lonxe de recoñecer que pagan a quen queren, porque Alternativa dos Veciños tamén cobrou o 30 de decembro de 2025, solicitando o cobro da anualidade de 2025 en agosto, a Sra. alcaldesa declara nos medios que: “O pago aos grupos políticos non é unha cuestión que dependa do goberno, senón da Intervención municipal. Semestralmente, abóasenos unha asignación que temos que solicitar e documentar. Os dous grupos que a ingresaron é porque fixeron iso. Os outros tres, ou tiñan fallos na súa solicitude ou a enviaron tarde”, sabendo de antemán que está a mentir.

A solicitude vai dirixida á alcaldesa, e é a alcaldesa ou o concelleiro de Economía e Facenda quen ten que indicar á Intervención os pagos que se deben informar para poder pagar.

Por todo canto antecede rogamos, se rectifique publicamente o dito por parte da Sra. Piñeiro recoñecendo ou ben que está a mentir ou o que sería aínda máis grave, que como alcaldesa se está incumprindo o principio de igualdade e despacho de asuntos similares por orde de entrada por descoñecemento ou desidia.”

(Cando son as trece horas e corenta e un minutos reincorpórase á sesión a concelleira Sra. Díaz Baldomir)

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

(Cando son as trece horas e corenta e dous minutos auséntase da sesión a concelleria Sra. Louro López)

Interveñen a Sra. Pan Lesta, a Sra. alcaldesa e o Sr. Vázquez Pérez.

(Cando son as trece horas e corenta e seis minutos reincorpórase á sesión a concelleira Sra. Louro López)

ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900001099 o día 23 de febreiro de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e transcritos ao galego din:

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:48:08 horas**

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

«No pleno do 26 de decembro de 2024 vostedes desde a oposición empezaban un rogo dicindo textualmente: “Dende o Partido Popular rogamos que cumpran cos rogos aceptados, facelo sería unha forma de mostrar respecto aos grupos desta Corporación”. Respecto a esta Corporación é o que levamos pedindo desde hai meses tal e como pedían vostedes no seu día. Respecto que non teñen dende o momento en que non responden ou non xestionan os rogos que aceptan, non dan resposta ás preguntas e non temos constancia de que se inicien os trámites necesarios para levar a cabo as mocións aprobadas.

Por se lles falla a memoria lembrámoslles aquí algúns dos rogos que se aceptaron e quedaron no esquecemento:

1. Rogamos ao equipo de goberno que revise o sistema de xestión da aplicación de avisos do Concello de Cambre, xa que nos están chegando numerosas queixas de veciños que afirman non recibir resposta ás peticións que envían por esta vía. Solicitamos que se aclare o protocolo de atención e seguimento destas solicitudes e que se garanta unha resposta eficaz e en prazos razoables.

2. Dende o grupo municipal do PSOE rogamos ao Goberno municipal que inicie de forma inmediata as xestións necesarias, tanto coa Universidade da Coruña como co Concello da Coruña e o resto de administracións implicadas, para que Cambre se sume á iniciativa de habilitar unha liña directa de autobús cos campus universitarios, tal e como xa solicitaron outros concellos da área metropolitana como Oleiros, Culleredo, Carral ou Bergondo.

Consideramos que os estudantes universitarios de Cambre non poden seguir sendo ignorados nin tratados como cidadáns de segunda dentro do sistema metropolitano de transporte.

3. Dende o Grupo Municipal Socialista de Cambre manifestamos a nosa preocupación pola falta de rigor e seriedade coa que se están atendendo os rogos e preguntas expostas tanto nas comisións informativas como nos plenos desde o inicio do actual mandato do PP. En numerosas ocasións, as respostas ofrecidas son incompletas, evasivas ou non gardan relación co preguntado, e noutros casos simplemente alégase descoñecemento sen ofrecer ningunha solución nin interese por atopala. Esta actitude dificulta o labor de fiscalización que corresponde á oposición e supón unha falta de respecto cara aos grupos que representamos á maioría dos veciños e veciñas de Cambre. Por iso, rogamos a este Goberno que asuma, dunha vez, o compromiso de responder coa máxima rigorosidade ás preguntas que se formulen e que os rogos aceptados sexan xestionados de maneira efectiva, evitando respostas xenéricas como “a ver se é posible”ou “se fará cando se poida” , e dotando a esta sala de plenos do respecto institucional que merece, en beneficio e polo interese xeral dos veciños.”

4. O responsable das áreas de Urbanismo e Réxime Interior, segundo as informacións das que dispoñemos, cumpre os requisitos para poder xubilarse proximamente. Entendemos que, dada a importancia deste posto, estará prevista a súa substitución.

Rogamos que, aproveitando esta circunstancia, se proceda a separar as áreas de Urbanismo e Réxime Interior, xa que consideramos que ambas son demasiado amplas e con competencias moi distintas como para ser xestionadas por unha soa persoa.

5. O bo funcionamento dun Concello depende de maneira directa da dotación suficiente de persoal nos seus diferentes servizos. Con todo, nos últimos tempos, este municipio está a sufrir unha diminución progresiva de persoal, xerando sobrecarga laboral, atrasos inxustificables e unha deterioración apreciable na calidade dos servizos prestados á cidadanía.

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Constatamos a existencia de prazas con dobre informe, un favorable e outro desfavorable, fronte ás cales o Goberno municipal está a posicionarse sempre en contra, inclinándose pola negativa sistemática e provocando a perda efectiva desas prazas. Esta práctica agrava aínda máis a falta de persoal e contribúe a que certas áreas municipais operen xa ao límite da súa capacidade.

Esta política, ademais de ineficiente, é incoherente co deber legal e moral do Concello: garantir unha administración dilixente, accesible, eficaz e con capacidade real de resposta para atender á cidadanía.

Están a xerarse consecuencias evidentes:

• Atrasos en trámites, licenzas, expedientes e atención ao público.
• Estrés e sobrecarga sobre os persoais actuais.
• Perda de calidade do servizo, incumprindo expectativas lexítimas de veciños e veciñas.

O Concello non pode seguir renunciando a recursos humanos necesarios cando existe aval técnico para cubrilos. As decisións finais non poden basearse en criterios políticos arbitrarios, senón na obxectividade que marcan os informes profesionais e a protección do interese xeral.

Por todo iso, o Grupo Socialista de Cambre roga

1. Recoñecer como criterio prioritario os informes técnicos favorables emitidos para a creación ou cobertura de prazas municipais, salvo causa excepcional.

2. Revisar de inmediato as prazas cun informe técnico favorable que fosen rexeitadas, presentando no próximo Pleno un calendario para a súa cobertura efectiva.

3. Garantir que non se perdan prazas necesarias por decisións políticas que, en contra do interese xeral, estean a apostar pola supresión de persoal.

4. Reforzar con urxencia os departamentos máis afectados pola falta de persoal, especialmente aqueles que teñan impacto directo sobre a atención á cidadanía e a xestión administrativa básica.

6. O 23 de outubro volvemos preguntar pola situación do contrato de limpeza e respondéusenos que “desde hai unha semana están en iso”.

Pasaron xa varias semanas desde entón, polo que entendemos que o asunto xa debería estar resolto, especialmente tendo en conta que, segundo a nosa información, os cambios que había que realizar non eran moitos.

Por iso, rogamos que se nos informe de maneira inmediata sobre o estado final do contrato e a súa execución.

7. Cando estaba o anterior goberno non só desde o noso grupo solicitábase que se nos informase por escrito da situación dos contratos básicos, senón que o propio Partido Popular tamén o pedía.

En maio de 2025, xa con vostedes no goberno, volvemos solicitar exactamente o mesmo: que se nos informase por escrito da situación dos contratos básicos e que a dita información se actualizase periodicamente. Ese rogo foi aceptado, pero, como outros moitos, non se cumpriu.

Por todo iso, solicitamos de novo que se nos informe por escrito da situación actual de todos os contratos básicos.

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

E isto son só rogos do Partido Socialista, cada grupo municipal ten outros tantos, senón máis, sen contestar, sen tramitar .....

Poderiamos facer o mesmo coas preguntas sen responder ou cuxa resposta foi “Estamos niso” e xa nunca máis soubemos.

Podemos falar tamén daqueles rogos e preguntas feitas de forma oral que non se contestaron no momento e quedáronse nas pavías.

Non nos esquezamos das mocións, por exemplo a do bus da Castelá.

Por todo isto rogamos que este goberno se poña de maneira inmediata con todos os rogos que aceptaron, as preguntas que non responderon e as mocións que se aprobaron. Xa que “facelo sería unha forma de mostrar respecto aos grupos desta corporación.»

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Interveñen a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. alcaldesa.

2º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:54:14 horas**

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

“A día de hoxe non se aprobaron as contas de 2024, contas que debían presentarse antes do 1 de xuño de 2025, e por suposto tampouco se realizou a súa liquidación. A maiores non se prevé que se aproben pronto as contas de 2025 nin a súa liquidación.

Esta situación ten graves consecuencias. Xa se perdeu a subvención dos talleres duais de emprego, que impedirá a realización do obradoiro de emprego socio-sanitario. Ademais, se non se aproban as contas de 2024, poderíanse perder a maioría das subvencións futuras.

Por iso, rogamos e esiximos que se presenten e aproben as contas sen máis demora.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

3º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:55:33 horas**

Lee o rogo a Sra. Rodríguez López

“Debido á información que se nos foi proporcionando en plenos e comisións informativas de maneira fragmentada e pouco explícita sobre a situación actual das subvencións a entidades sen ánimo de lucro, rogamos que na primeira quincena de marzo se nos remita un informe claro e detallado sobre o estado das devanditas subvencións.

Esperamos que, nesta ocasión, o concelleiro delegado, ademais de alegar a carga de traballo, se tome a molestia de revisar correctamente a situación, xa que é a súa obrigación coñecela se pretende desempeñar ben o seu traballo. En definitiva, non estamos a pedir máis que algo que o concelleiro xa debería saber, só pedimos que o comparta.”

O Sr. Gonzalo Lamela contesta o rogo.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900001096 o día 23 de febreiro de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:56:37 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

«Á vista de como foron devastados algúns dos exemplares de árbores do Campo da Feira, preséntase unha dúbida que merece ter a resposta concisa e documentada dos actuais responsables municipais. Segundo se publicou en prensa, hai un número significativo de exemplares en malas condicións, que fan necesaria a súa eliminación, e para iso precísase dun arqueólogo que vixíe o proceso.

Dende o BNG queremos total transparencia neste asunto, o que nos leva a SOLICITAR:

Que se nos facilíte o documento que autoriza a levar a cabo a "poda"!!! do xeito que se fixo, e tamén que se nomee dalgún xeito aos exemplares que son susceptibles desas actuacións, xa que resulta altamente sospeitoso que só os plátanos de sombra cortados, foron precisamente os que estorbaban para a instalación da macro-carpa. Por certo! Solicitamos tamén o informe que xustifique a colocación desta estrutura, posto que antes non se xustificaba.»

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Interveñen a Sra. Pan Lesta, o Sr. González Leirós, a Sra. alcaldesa, a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. Prieto Lamas.

2º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 03:02:21 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes

"Levamos pedindo dende hai máis de un ano unha listaxe de:

– Locais municipais
– Asociacións municipais
– Que asociacións usan os locales
– Que actividades se desenvolven neles

Dende que gobernaba UXC seguimos esperando, posto que a concelleira naquel intre dounos información parcial, que quedou sen completar.

Vostedes están a facer o mesmo, polo que sospeitamos que non teñen esa información ao día, e que por tanto a administración local está cos ollos cegos de como se manexa o patrimonio de todos e todas, e quen ten autorización ou non para iso.

De cara á transparencia, e por clarexar dunha vez por todas algo que atinxe a toda a nosa sociedade, SOLICITAMOS:

Que se nos facilite documentalmente a información que se expón neste rogo á maior inmediatez."

A Sra. Espiñeira Galán contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

3º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 03:05:10 horas**

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“O inventario municipal non está actualizado nin publicado na páxina oficial do Concello, cando esta é unha obriga ineludible cando se compón a Corporación.

Se ben é certo que é un tema herdado das malas prácticas de UXC no desleixo que fixo sobre este tipo de asuntos, cadraremos todos/as os/as que aquí representamos á veciñanza, que ter fóra do foco público este tipo de información, non é de recibo.

Dende o BNG xa viñemos advertindo desta eiva en innumerables ocasións, pois esta opacidade é incumprimento da lei prexudica claramente á veciñanza.

Non imos aceptar que hai falta de persoal, e tempo para levar a cabo estas actuacións, posto que vostedes como outros gobernos anteriores, esfórzanse moitísimo en contratar todo o que sexan festexos.

Por tanto, póñanse as pilas, e organicen as prioridades reais, que pasan por todo o antes mencionado. De tal xeito, SOLICITAMOS:

Que se proceda de inmediato, a levar a cabo os pasos necesarios para a actualización do inventario municipal e a súa aprobación.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900001094 o día 23 de febreiro de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 03:06:34 horas**

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.

“Visto que hai expedientes que se axilizan para sacar adiante pasando todo o procemento administrativo porque os prazos apremian, tal e como puidemos comprobar coa cabalgata de reis ou, máis recentemente, co entroido.

Rogamos se lle dea esta premura e axilidade a outros tipos de contratos menos populares, pero básicos e que dan un servizo máis integral á veciñanza, como por exemplo o de actividades físicas e da saúde.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo. Intervén a Sra. Pan Lesta.

2º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 03:07:40 horas**

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.

“Recollendo a información das pasadas comisións tras un rogo do grupo UxC solicitando copias das resolucións exclusivas de locais. Rogamos a renovación dos convenios das asociacións que teñen a cesión e uso de locais sociais de xeito permanente tal e como ven establecido na ordenanza municipal da cesión e uso dos locais sociais.”

A Sra. Espiñeira Galán contesta o rogo.

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

3º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 03:08:21 horas**

Lee o rogo Sr. Varela Fraguío.

"Rogamos se actualice o portal de transparencia da web municipal que leva sen actualizacións dende o inicio desta lexislatura."

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

3.5. PREGUNTAS

Acceso á videoacta **– 03:08:40 horas**

PREGUNTAS DE UXC PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900001088 o día 23 de febreiro de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:08:44 horas**

Lee a pregunta Sr. Mallo Castro.

"Por que se perdeu a subvención da Xunta para facer o obradoiro de emprego dual Proxedis despois de 12 anos celebrándose sen problema ningún?"

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

2ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:09:08 horas**

Lee a pregunta a Sr. Mallo Castro.

"A día de hoxe, está totalmente xustificado o obradoiro de emprego Proxedis que se desenvolveu o ano pasado e que foi solicitado e posto en marcha polo goberno de Unión por Cambre ou corremos algún risco de ter que devolver esa subvención?"

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

3ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:09:31 horas**

Lee a pregunta o Sr. Mallo Castro.

"A día de hoxe, o goberno de Diana Piñeiro aínda non comezou os cursos de formación do plan AFD. Vanse celebrar esos cursos ou, como obradoiro, non se poñerán en marcha?"

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900001099 o día 23 de febreiro de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e transcritas ao galego din:

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

1ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:10:15 horas

Lee a pregunta a Sra. Parcero Quiñoy

"Nas últimas comisións a alcaldesa indicou que aproveitando estes días de sol iniciaríase de forma urxente o arranxo das fochancas que temos por todo o Concello. Cantas fochancas se arranxaron e cal foi a prioridade?"

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

2ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:10:49 horas

A Sra. Prieto Lamas retira esta pregunta presentada por escrito.

3ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:11:00 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

"Os veciños seguen sen actividades e, segundo a alcaldesa no último pleno, estaban a mirar un contrato ponte mentres se terminaban os pregos para un novo contrato. Xestionouse algo do indicado ou seguimos a velas vir?"

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

Pregunta oral - *Acceso á videoacta* – 03:11:56 horas

A Sra. Prieto Lamas formula a seguinte pregunta:

En que situación se atopa actualmente a despensa municipal?

A Sra. Espiñeira Galán di que se responderá por escrito.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900001096 o día 23 de febreiro de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:13:14 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

"Cal foi o motivo que causou o desatino de modificar o discorrer do desfíle das carrozas e comparsas do Entroido en Cambre?

Quen propuxo meterse por unhas rúas incapaces de acoller algúns dos vehículos, o que obrigou a ter que ir ata as naves de Cela, e que deixou a xente sen desfrutar do acto, posto que estaban esperando coma sempre na zona das naves?"

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta. Interveñen a Sra. Prieto Miramontes, a Sra. alcaldesa e a Sra. Varela Germade.

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

2ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:16:41 horas**

Lee a pregunta a Sra. Louro López.

"Nas pasadas comisións informativas, e diante dunha pregunta nosa do BNG sobre a instalación dun punto violeta, e onde se nos contestou que non tiñan previsto montalo como tal, pero si dixeron que buscarían unha alternativa, e onde houbo un ofrecemento de información para iso por parte dos grupos da oposición, vimos con total carraxe que non había nada ao respecto nunha festa con tantísima xente, mesmo menores. Cal foi o motivo, de por que non fixeron nada! Absolutamente nada? Deixando a Cambre coma sempre á cola da sensibilidade coa problemática da violencia contra as mulleres."

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta. Intervén a Sra. Louro López.

3ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:19:28 horas**

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

"Teñen vostedes constancia de que houbo un centro de día privado no noso concello, aberto durante anos? Teñen coñecemento de que actuaba sen autorización municipal?"

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta. Interveñen a Sra. Prieto Miramontes, o Sr. Carballada Rodríguez e a Sra. alcaldesa.

PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900001094 o día 23 de febreiro de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:22:42 horas**

Lee a pregunta o Sr. Castro Uzal.

"Tralas continuas borrascas sufridas este inverno, a auga caída fixo estragos en camiños, estradas, e tamén no paseo fluvial ao longo do río Mero; A senda e os aparcamentos que xa non se atopaban en moi bo estado antes das choivas, precisan de arranxo e mantemento urxente.

Fai uns meses presentamos unha moción apoiada por todos os grupos da Corporación e que era complementaria ao convenio que este concello anunciou asinar con Augas de Galicia cun investimento de preto de 900.000€.

Xa que se acerca a primavera e problemas coma a ponte de madeira do comezo do itinerario continúa sen arranxarse e abrirse á veciñanza, preguntamos: Que avances hai ao respecto?"

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

Pregunta oral - ***Acceso á videoacta*** **– 03:23:38 horas**

O Sr. Castro Uzal formula a seguinte pregunta:

Di que queda pouco máis dun ano para que remate esta lexislatura, e que seguramente acabarán, para

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

desgraza de toda a veciñanza, igual que comezaron; que levan máis de 3 anos solicitando, ao anterior goberno e agora ao actual, que se tome algún tipo de medida para corrixir o incivismo que impera neste concello, tanto nas zonas urbanas, como nas máis rurais, en referencia á utilización dos contedores de lixo e materiais que neles se depositan, creando en moitos puntos auténticos vertedoiros. Di que propuxeron que se puxeran carteis en locais sociais, nos taboleiros municipais, incluso sinais preto dos contedores, indicando a que tipo de sancións se expoñen os veciños que non cumpriran coa normativa vixente, medidas como a app de avisos para que a propia veciñanza que vira actitudes incívicas puidera denunciar, aínda que fora anonimamente.

Continúa dicindo que informaron recentemente do vertedoiro que se están a converter os contedores que hai en Altamira, no cambio de sentido na N-550; que Altamira é Cambre, a pesar de que os diferentes gobernos parece que se esqueceron deles, beirarrúas en mal estado, camiños que parecen feitos para carros, deficiencias de seguridade viaria nunha estrada moi transitada, e agora un vertedoiro. Pregunta cando se vai tomar algunha medida ao respecto; e propoñen, recollendo o cable da voceira de UxC ante este rogo en comisións pasadas, mover os contedores máis preto das vivendas para que disuadan un pouco á xente a deixar nese punto mudanzas enteiras das casas.

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta. Intervén o Sr. Castro Uzal.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte e seis minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace
A presidenta
(Asinada dixitalmente)

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo

CVD: MDXn821EZxnF/FyReZzS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/